

79/2014

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A UNIVERSIDADE DA CORUÑA E PADROADO DA FUNDACIÓN ESCOLA UNIVERSITARIA DE RELACIÓNS LABORAIS DA CORUÑA, POLO QUE SE ACTUALIZA A ADSCRICIÓN DA ESCOLA UNIVERSITARIA DE RELACIÓNS LABORAIS DA CORUÑA

A Lei 6/2013, do 13 de xuño, do sistema universitario de Galicia (DOG nº 125, do 3 de xullo), establece no seu artigo 22 unha serie de contidos mínimos dos convenios a través dos cales se establece a adscrición de centros docentes de titularidade privada a universidades públicas.

A disposición adicional cuarta da Lei 6/2013 establece, ademais, que *"Para que os centros adscritos a universidades do SUG existentes no momento de entrada en vigor desta lei poidan seguir desenvolvendo a súa actividade académica universitaria deberán adaptar o convenio de adscrición coa universidade, no prazo de seis meses desde a entrada en vigor desta lei"*.

A anterior modificación legal obriga a suscribir novo convenio de adscrición coa Fundación Escola Universitaria de Relacións Laborais da Coruña, de modo que se actualice o asinado con data 19 de xullo de 2002 entrambas partes.

En virtude do anterior,

COMPARECEN

Por unha banda, D. Xosé Luís Armesto Barbeito, Reitor Magnífico da Universidade da Coruña, con enderezo social na rúa Maestranza s/n da Coruña e con CIF Q-6550005J, en nome e en representación da citada institución, no uso das atribucións que lle confire o art. 36.1.f) dos Estatutos desta universidade, aprobados polo Decreto 101/2004, de 13 de maio, da Xunta de Galicia (DOG de 26 de maio), modificado polo Decreto 194/2007 de 11 de outubro, polo que outorgan ao reitor a facultade para asinar convenios en nome da Universidade,

Por outra banda, D. José María Botana López, presidente da Fundación Escola Universitaria de Relacións Laborais da Coruña,

Ambas as entidades recoñécense a súa respectiva personalidade, capacidade e competencia para outorgar o presente convenio, de conformidade coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto

Este convenio ten por obxecto instrumentar a adscrición á Universidade da Coruña da Escola Universitaria de Relacións Laborais da Coruña (en diante, o Centro adscrito), ou denominación que de ser o caso a substitúa, ao abeiro da Lei 6/2013, do 13 de xuño, do sistema universitario de Galicia.

SEGUNDA.- Réxime xurídico

O centro adscrito rexerase pola normativa estatal, pola Lei 6/2013, do 13 de xuño, polas disposicións de desenvolvemento destas e polos Estatutos da Universidade da Coruña naqueles aspectos que pola súa natureza resulten aplicables, así como polas súas propias normas de organización e funcionamento e polo presente convenio de adscrición.

TERCEIRA.- Duración da adscrición

O vixente convenio de adscrición terá unha duración de dous anos, que se computarán a partir da data de sinatura do mesmo.

O convenio prorrogarase de xeito automático por períodos anuais, agás denuncia de calquera das partes, que deberá producirse cunha antelación mínima de tres meses ao comezo do curso académico.

No caso de que fora denunciado as dúas partes partes comprométense a rematar o ciclo formativo de aqueles alumnos que en ese momento estean matriculados na Escola, nas mesmas condicións nas que foron admitidos

CUARTA.- Ensinanzas oficiais de carácter oficial que se impartirán no centro adscrito

As titulacións oficiais que se impartirán no centro adscrito serán as de:

- Diplomatura en relacións laborais (a extinguir)
- Grao en relacións laborais e recursos humanos



O réxime de prezos que deben satisfacer os estudantes na súa matrícula nestas titulacións será o establecido para centros adscritos no Decreto que anualmente fixe a Xunta de Galicia.

QUINTA.- Plan de docencia

1. De conformidade co plan de estudos en vigor para as titulacións da cláusula precedente, o número de postos para o alumnado será o seguinte:
2. O cadro de persoal docente será o seguinte:
3. O cadro de persoal de administración e servizos

As partes comprométese a asegurar que as titulacións se impartan respectando os planos de estudo en vigor cos mesmos estándares de calidade exixidos para o resto do SUG, sen prexuízo das especialidades que podan preverse ao respecto polas normas estatais ou autonómicas.

A valoración do rendemento académico e as normas de permanencia dos estudantes axustaranse ao previsto para os centros propios da Universidade da Coruña.

SEXTA.- Criterios de admisión ás ensinanzas

O acceso dos estudantes ao Centro Adscrito queda condicionado á capacidade da mesma, que será determinada pola Universidade, por proposta do centro e dacordo co que resulte da lexislación autonómica e estatal que resulte de aplicación.

SÉTIMA.- Normas de organización e funcionamento

Sen prexuízo da normativa propia da Fundación Escola Universitaria de Relacións Laborais da Coruña, o centro adscrito continuará axustando o seu funcionamento ao Regulamento de Réxime Interno que figura no Anexo.

OITAVA.- Colaboración da UDC

A Universidade da Coruña forneceralle ao centro adscrito o apoio técnico e informático que resulte necesario para a xestión dos procesos de matrícula académica.

Os estudantes matriculados non terán dereitos de participación e representación nos órganos da Universidade. Os estudantes matriculados no



centro adscrito disporán dunha acreditación como alumnos da UDC que lles permita a participación nas actividades académicas, culturais e deportivas organizadas pola UDC en condicións de igualdade cos restantes estudantes matriculados na UDC.

NOVENA.- Réxime do profesorado

A contratación de profesorado do centro adscrito farase con cargo aos seus fondos propios, con respecto dos principios de igualdade, publicidade, mérito e capacidade, e nas modalidades contempladas legalmente polo Estatuto dos Traballadores.

Previa convocatoria pública do correspondente concurso de acceso, a selección do profesorado será realizada por unha comisión integrada por cinco membros. Formará parte da comisión de selección o/a director/a do Departamento da UDC ao que se adscribe a área da praza obxecto do concurso.

Para impartir docencia, o persoal docente seleccionado terá que contar coa titulación exigida pola Lei 6/2001, orgánica de Universidades, así como coa *venia docendi*, que deberá conceder o Consello de Goberno da UDC, previo informe favorable do departamento correspondente.

A *venia docendi* deberá ser solicitada a través da dirección do Centro Adscrito con antelación mínima dun mes antes do comezo do curso académico, aos efectos previstos no artigo 37 dos Estatutos da Universidade. A validez da *venia docendi* para os cursos sucesivos será a prevista no regulamento da concesión de venias docentes aos profesores dos centros adscritos á UDC.

A Universidade da Coruña supervisará, a través do Consello de Goberno, co asesoramento dos departamentos con áreas de coñecemento implicadas, a docencia e a investigación que se levan a cabo nestes centros.

DÉCIMA.- Réxime económico da adscrición

O centro adscrito será financiado integramente pola Fundación Escola Universitaria de Relacións Laborais, sen prexuízo das taxas, prezos ou cotas que perceban dos seus estudantes matriculados, así como das subvencións, axudas e doazóns que podan recabar de entidades públicas ou privadas.

O Centro adscrito será responsable da preparación e aprobación do seu orzamento, previo informe á Comisión mixta de seguimento.

NOVENA.- Comisión mixta de seguimento

Créase unha comisión de seguimento que supervisará e avaliará a correcta execución das actividades obxecto do presente convenio, constituída por tres representantes da Universidade da Coruña e dous do centro adscrito.

Esta comisión, que será convocada por calquera das partes que así o solicite, estará facultada para:

- a) Aprobar as liñas xerais de actuación no ámbito da Escola
- b) Aprobar a memoria de actividades docentes e, no seu caso, investigadoras, que elabore o Centro.
- c) A interpretación das cláusulas do presente convenio, así como o seguimento e control do seu correcto cumprimento.

As cuestións litixiosas xurdidas verbo da interpretación, modificación, resolución e efectos do presente convenio serán resoltas de mutuo acordo polas partes.

En defecto de acordo entre as partes, as discrepancias xurdidas serán resoltas mediante arbitraje, nos termos previstos na Lei 60/2003, de 23 de decembro, de arbitraje.

En proba de conformidade, asínase o presente documento en todas as súas follas por duplicado exemplar e para un só e para un mesmo efecto.

Na Coruña, o 31 de xaneiro de 2014

Pola Universidade da Coruña



Xosé Luís Armesto Barbeito

Reitor da UDC

Pola Fundación Escola
Universitaria de Relacións
Laborais



José María Bótana López

Presidente